

A PARTIR DE MAÑÁ PODERÁN SOLICITARSE DE NOVO OS PERMISOS PARA REALIZAR QUEIMAS DE RESTOS AGRÍCOLAS E FORESTAIS AMOREADOS

- ***Estas tarefas permanecían suspendidas ata o de agora debido á ampliación do período de alto risco de incendios***

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018.- A Consellería do Medio Rural permitirá de novo desde mañá xoves, día 1 de novembro, tramitar permisos para facer queimas de acordo coa normativa de aplicación, debido á que remata o período de alto risco de incendios e que as condicións meteorolóxicas así o permiten. Isto significa que o día 3 será o primeiro día para realizar queimas previamente comunicadas.

Polo tanto, a partir de mañá ás 00.00 h. poderanse realizar as comunicacións e solicitudes de autorización de queimas a través da [web do Medio Rural](#) de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Ademais, en días laborables, tamén estará a disposición dos cidadáns o teléfono 012 para comunicar as queimas.

Así, os cidadáns que desexen queimar restos agrícolas amoreados nas zonas que determina a devandita lei nos períodos habilitados deberán comunicalo dous días antes. No caso de queimas de restos forestais amoreados, deberase solicitar unha autorización debido ao risco da actuación, sendo maior o proceso de tramitación. En todo caso, lembramos que as autorizacións e comunicacións deixan de ter validez nos días que hai vento e altas temperaturas.

Máis información, aquí: <http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/queimas/>

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.